



IV PREMIO LITERARIO *DESCUBRINDO OLEIROS*

BASES

O Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Oleiros convoca o premio literario Descubrindo Oleiros, unha proposta que busca poñer en común promover a lingua e dar a coñecer o municipio.

1. Participantes

Poderán concorrer a este premio todos os rapaces e rapazas de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria e de ESO empadroados/as no Concello de Oleiros e sempre que os relatos presentados se axusten ao especificado nestas bases.

Establécense catro categorías atendendo ao curso ao que pertenza cada participante:

- Categoría 1: 3º e 4º de primaria
- Categoría 2: 5º e 6º de primaria
- Categoría 3: 1º e 2º de ESO
- Categoría 4: 3º e 4º de ESO

2. Obras: temática e formato

Os relatos estarán ambientados necesariamente en Oleiros e escritos en lingua galega. Deben ser inéditos e que non foran premiados en ningún outro concurso e non estean pendentes de fallo noutros premios. Presentaranse co título orixinal e un pseudónimo, sen ningún dato que revele a identidade do autor ou autora.

Os textos que concorran ao concurso presentaranse manuscritos ou mecanografados, perfectamente lexibles, escritos a unha soa cara e cunha extensión de 1 a 3 páxinas en A4, fonte arial 12, a dobre espazo, que poderán partir ou ir acompañados de fotografías, debuxos, ilustracións ou calquera imaxe do concello que poida ser suxerinte para o autor ou autora.

3. Documentación a presentar

Os traballos presentaranse nun sobre grande co título do relato, no interior ademais do texto incluírase dentro un sobre pequeno pechado, que só teña escrito o título da obra escrito por fóra. O sobre pequeno conterá no seu interior unha breve nota biográfica do autor ou autora (nome a e apelidos, enderezo, teléfono, enderezo electrónico, curso e centro educativo ao que pertence) e a fotocopia do documento acreditativo de identidade (fotocopia do DNI, pasaporte ou documento de identidade equivalente).

4. Lugar e prazo de presentación

A obra acompañada polo sobre presentarase en cada centro ou dirixirse ao Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Oleiros sito na Fábrica, rúa do Inglés, nº 13, 15172, Perillo-Oleiros.

O prazo de presentación finalizará o 30 de novembro de 2017.



5. Constitución do xurado e fallo

O xurado estará formado por persoal do Concello relacionado coa cultura, a literatura e a lingua e poderán contar co apoio de persoas especializadas. O seu fallo será inapelable e farase público antes de finalizar o este ano.

O xurado reserva o dereito de declarar deserto calquera dos premios, así como conceder algún accésit en caso de empate.

6. Premio

Outorgarase un premio por cada categoría. Os premios que se concedan serán unha cámara de fotos para as categorías 1 e 2 e un lector de libros electrónicos para as categorías 3 e 4.

Os traballos presentados quedarán en propiedade da Concellería de Cultura e Normalización Lingüística para a súa posible publicación, citando sempre a autoría de cada un deles.

7. Aceptación das bases

A presentación a este concurso literario supón a aceptación das presentes bases.